

## MADRUGADORES E TARDES DIVERTIDAS 2020/21

O Concello de Outes ofrece as familias outienses os servizos de conciliación de Madrugadores e Tardes divertidas para o curso 2020-21. Ambos forman parte do programa "Outes Concilia" que se desenvolverán no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

- **Madrugadores** ofrece un servizo de acollida e coidado no que os menores poden almorzar, sendo as familias as que aporten os alimentos diariamente en termos ou envases adaptados a este fin.

Leverase a cabo durante todo período lectivo, en horario de 8:00 da mañá ata o inicio das clases. As familias farán uso do mesmo, en función das súas necesidades, pero deben incorporarse ó mesmo, como mínimo 30 minutos antes de comenzo a xornada escolar. **O comezo da prestación do servizo será o primeiro día do calendario escolar 2020-2021.**

- **Tardes Divertidas** consiste na ampliación do horario de saída do centro escolar en dúas horas, de luns a venres, días lectivos, durante os meses de outubro de 2020 a maio de 2021, en horario de 17:00 a 19:00 h., segundo as necesidades de conciliación das persoas usuarias. **O comezo da prestación do servizo será o 1 de outubro de 2020.**

Ambos servizos están destinados aos menores escolarizados no CEIP de Outes, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos podendo se utilizados de forma fixa ou ocasional.

O desenvolvemento dos mesmos realizarase seguindo un estricto protocolo de seguridade adaptado as circunstancias que se están a vivir debido ao COVID-19. As familias recibirán toda a información relacionada co mesmo que inclúe medidas persoais de hixiene como lavado frecuente de mans, control de temperatura, tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais así como o procedemento de actuación nos casos de emerxencia e risco sanitario.

Os **prezos públicos** de madrugadores e tardes divertidas figuran establecidos na ordenanza reguladora correspondente e ascenden a 20 € mensuais cada un deles, podendo ser utilizados por un importe de 2 € por día e servizo.

### **Exención e bonificacións.**

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

#### 1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo conlevará a exención da cota.

## 2.- Bonificacións:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

As persoas usuarias dos servizos Madrugadores e Tardes divertidas, que no mesmo mes fagan uso dos dous, terán unha bonificación do 50% no importe do segundo servizo.

As mencionadas bonificacións non se aplicarán cando fagan uso dos servizos en días soltos.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A APORTAR
Copias da declaración da renda do ano 2019 de ambos proxenitores
Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
Fotocopia do libro de familia

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no **Centro de Información ás Mulleres de Outes**, solicitando cita previa no número de teléfono 981 850 949, en horario de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres, **desde o 24 de agosto ao 4 de setembro**.